

PRÁCTICA Nº 1 NORMAS DE LABORATORIO

OBXECTIVOS:

- Elaborar un listado coas normas básicas de funcionamento do laboratorio.
- Valorar a importancia do cumprimento dunha serie de normas para garantir o correcto funcionamento do traballo no laboratorio.

MATERIAIS:

- Guión da práctica
- Presentación coas normas básicas de laboratorio

PROCEDEMENTO:

1. CONSELLOS XERAIS: Elixo cales das seguintes accións son correctas; as que non o sexan, modificaas.

- a. Non entrar ó laboratorio sen qu estea presente a persoa responsable.

- b. Seguir as instrucións da persoa responsable.

- c. Manter unha actitude irresponsable.

- d. Lavar as mans antes de abandonar o laboratorio.

- e. Pódese comer e beber, pero non fumar.

- f. Se o cres oportuno, podes sacar do laboratorio cantos materiais e reactivos que queiras.

- g. Manter a mesa de traballo limpa e ordeada.

2. VESTIMENTA: Escribe 6 normas relacionadas coa vestimenta no laboratorio empregando como guía as imaxes que che amosará a profesora:

a: _____

b: _____

c: _____

d: _____

e: _____

f: _____

3. HÁBITOS DE TRABAJO: Responde as seguintes cuestións para conformar outras 5 normas básicas do laboratorio relacionadas cos hábitos de traballo:

- a. Pódense empregar reactivos sen etiquetas? ☐ Si ☐ Non
- b. Débense etiquetar os frascos que conteñan reactivos ou mesturas de reactivos, indentificando o seu contido? ☐ Si ☐ Non
- c. Pódense probar os produtos do laboratorio? ☐ Si ☐ Non
- d. Débese pipetear (aspirar líquidos empregando a pipeta) coa boca? ☐ Si ☐ Non

4. DERRAMES: Que fago se se derrama algo?

- a. Se o derrame é pequeno _____

- b. Se o vertido está relacionada con substancias químicas e/ou biolóxicas _____

5. RESIDUOS: Elixo entre as seguintes opcións cal cres que son as formas correctas de desbotar os residuos xenerados no laboratorio.

- ☐ Mesturados de calquera forma na papeleira máis próxima.
- ☐ Clasificados segundo a súa composición na medida do posible.
- ☐ Verténdoos polo desague.
- ☐ Nunca debe botarse ningún residuo polo desague.
- ☐ Non se deben tirar produtos, tecidos e/ou papeis impregnados nas papeleiras.
- ☐ Os papeis impregnados e restos de tecidos poden botarse ó lixo habitual.
- ☐ Se se produce un vertido accidental no fregadeiro o mellor é engadir auga abundante.
- ☐ Se se produce un vertido accidental no fregadeiro debe deixarse evaporar.

6. SALPICADURAS E INXESTAS ACIDENTAIS: Elixo a/as resposta/s correctas.

- | | |
|--|--|
| <p>a. Se se produce unha salpicadura en ollos e/ou pel...</p> <ul style="list-style-type: none">☐ Frotar con papel☐ Lavar con abundante auga☐ Se a salpicadura é grande, quitar toda a roupa e obxectos mollados☐ Berrar desesperadamente.☐ Avisar á profesora. | <p>b. Se inxiro accidentalmente un produto do laboratorio, que fago?</p> <ul style="list-style-type: none">☐ Non é necesario facer nada.☐ Provocar o vómito.☐ Nunca provocar o vómito.☐ Avisar ó persoal especializado e seguir as súas instrucións.☐ Beber moita auga. |
|--|--|

7. RISCOS ELÉCTRICOS: Identifica 3 formas de actuar que poidan supor un risco eléctrico no laboratorio (ou en calquera outro contexto):

- a. _____
- b. _____
- c. _____